

ACTA DA SESIÓN REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 22 DE DECEMBRO DE 2017 DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO URGENTE.

<p>ASISTENTES:</p> <p>Presidente: D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ</p> <p>CONCELLEIROS/AS</p> <p>D. ANTONIO RODRÍGUEZ MEIZOSO D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ D^a MARIA IBERA TEIJEIRO SANJUAN D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO D. DAVID RODRÍGUEZ SANMARTÍN D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY</p> <p>SECRETARIO: D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ</p>	<p>No Salón de sesións desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña sendo as trece horas trinta minutos do día vinte e dous de decembro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnen os concelleiros/a que se relacionan na marxe asistidos do secretario da corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe. Non asiste á sesión D.^a Laura Piñeiro Montes.</p>
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

1. RATIFICACIÓN DA URGENCIA DA SESIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise ao Pleno da Corporación que o motivo da urxencia vén dado pola necesidade de aprobación da certificación nº 1 da obra "Pavimentación vías Municipais Os Calzados- San Boulo", incluída no POS + 2017, que foi presentada no Rexistro Municipal pola empresa adxudataria no día de onte. E todo elo aos efectos de tramitar a mesma diante da Deputación Provincial da Coruña.

Sometida a urxencia á ratificación do Pleno por unanimidade dos Sres. Concelleiros/a asistentes á sesión ratifícase a urxencia da sesión.

2. LECTURA E APROBACIÓN, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2017. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/a asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data catorce de decembro de dous mil dezasete.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal por unanimidade dos Sres. Concelleiros/a asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

3. CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA DENOMINADA “PAVIMENTACIÓN VÍAS MUNICIPAIS OS CALZADOS – SAN BOULO “ (POS +2017). ACORDO QUE PROCEDA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta ao Pleno do Concello da redacción polo Director de Obra da certificación número 1 correspondente á denominada “Pavimentación vías Municipais Os Calzados – San Boulo”, incluída no POS + 2017 por un importe que ascende á cantidade de quince mil oitocentos sesenta e oito e cincuenta e oito céntimos de euro (15.868,58€) IVE incluído.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, pregúntase ao Sr. Alcalde polo retraso na execución da obra, xa que o prazo de execución está establecido en 6 semanas.

Respóstaselle polo Sr. Alcalde – Presidente que o motivo do retraso é a execución dun muro e demais obras complementarias que non estaban previstas no Proxecto de execución da obra de referencia.

Polo voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy, pregúntase ao Sr. Alcalde-Presidente sobre as unidades de obra referentes á xestión de residuos xa que só figura o transporte en camión pero non o tratamento en planta. Reitera así mesmo, o voceiro do Grupo Mixto – PP, que a empresa non está a cumprir o prazo de execución da obra, e ten que haber mecanismos no contrato para que a empresa cumpra.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que o incumprimento vén motivado polas obras complementarias que se tiveron que facer e que non estaban previstas no Proxecto de execución da obra; e en canto ós residuos inertes constálle que a maioría deles foron empregados de novo na obra.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (7 votos a favor dos Sres./Sra. Concelleiros/a do Grupo Municipal do PS de G – PSOE e AIAC e 1 abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto –PP), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobado a certificación de obra número 1 da denominada “Pavimentación vías Municipais Os Calzados – San Boulo”, incluída no POS + 2017 por importe de quince mil oitocentos sesenta e oito e cincuenta e oito céntimos de euro (15.868,58€) IVE incluído.

2º. Recoñecer a obriga correspondente á factura número 170200 presentada pola empresa Construcciones Leonardo Miguez, S.L., polo importe de quince mil



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

oitocentos sesenta e oito e cincuenta e oito céntimos de euro (15.868,58€) (IVE incluído).

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as trece horas trinta e cinco minutos de todo o cal eu, secretario, dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

O Secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz